

Proxecto de Camiños Principais da Zona de Reestruturación Parcelaria de Fisteus (Curtis - A Coruña)

DOCUMENTO Nº I

MEMORIA E ANEXOS

Proxecto de Camiños Principais da Zona de Reestruturación Parcelaria de Fisteus (Curtis - A Coruña)

MEMORIA

ÍNDICE

1. OBXECTIVO	5
2. ANTECEDENTES.....	5
2.1. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.....	5
2.2. ANTECEDENTES FÍSICOS.....	6
3. ORDE DE REDACCIÓN DO PROXECTO	7
4. XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN	8
5. DESCRICIÓN DAS OBRAS PROXECTADAS	8
5.1. EMPRAZAMENTO.....	8
5.2. TIPOLOXÍAS DE CAMIÑOS PREVISTAS.....	8
5.3. CARACTERÍSTICAS DE DESEÑO DA REDE DE CAMIÑOS.....	9
5.3.1. <i>Características xerais</i>	9
5.3.2. <i>Características dimensionais</i>	9
5.3.3. <i>Identificación e cuantificación da rede de camiños proxectada</i>	10
5.3.4. <i>Resumo da obra proxectada</i>	13
5.4. CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS DA REDE DE CAMIÑOS	16
5.4.1. <i>Camiños e treitos de camiños de Nova Apertura (n) e de Mellora (m)</i>	16
5.4.2. <i>Entronques a asfaltar: pavimento, sinalización vial e drenaxe</i>	20
6. NORMAS CONSTRUTIVAS	23
7. CUMPRIMENTO DOS CONDICIONANTES TÉCNICO-AMBIENTAIS.....	24
8. AVALIACIÓN ECONÓMICA	27
9. REQUISITOS ADMINISTRATIVOS.....	28
9.1. DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA	28
9.2. AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS	28
9.3. PRAZOS DE EXECUCIÓN	28
9.4. REVISIÓN DE PREZOS	28
9.5. PRAZO DE GARANTÍA	29
9.6. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA	29
9.7. CLASIFICACIÓN DO CONTRATO	29
9.8. XESTIÓN DE RESIDUOS	29
9.9. SEGURIDADE E SAÚDE.....	29
10. ORZAMENTO	30
11. CONCLUSIÓNS.....	30

Relación de Anexos á Memoria:

- ANEXO 1: Parámetros de deseño
- ANEXO 2: Levantamento topográfico
- ANEXO 3: Movemento de terras
- ANEXO 4: Estudo xeotécnico
- ANEXO 5: Estudo hidrolóxico
- ANEXO 6: Programación técnica e económica
- ANEXO 7: Xustificación de prezos
- ANEXO 8: Plan de xestión de residuos
- ANEXO 9: Medidas de protección ambiental e de integración paisaxística
- ANEXO 10: Medidas de protección de Patrimonio
- ANEXO 11: Matriz de Cumprimento da Declaración de Impacto Ambiental
- ANEXO 12: Proxecto de Seguridade e Saúde
- ANEXO 13: Control de calidade
- ANEXO 14: Características técnicas dos camiños proxectados

1. OBXECTIVO

O obxectivo do *“Proxecto de Camiños Principais da Zona de Reestruturación Parcelaria de Fisteus (Curtis - A Coruña)”* será mellorar as infraestruturas existentes para facilitar o aproveitamento dos recursos agrarios da zona e proporcionar maiores expectativas de viabilidade ás actuais explotacións. Para iso, as melloras que será necesario realizar como parte do proceso de reestruturación parcelaria están orientadas fundamentalmente a dotar de accesos adecuados ás novas leiras de substitución que xurdan da reordenación da propiedade.

A rede viaria actualmente existente poderá ser aproveitable, en parte, naqueles tramos que teñan un trazado adecuado e unha pendente aceptable, aínda que deberá ser mellorada en diferentes aspectos como é o seu propio trazado, as propias pendentes, a limpeza e ensanche dos camiños, así como na achega de material granular e obras de fábrica correspondentes.

2. ANTECEDENTES

2.1. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

A concentración parcelaria da zona de Santa María de Fisteus (Curtis - A Coruña) foi declarada de utilidade pública e urxente execución por Decreto 149/2005 do 36 de maio do ano 2005 (DOG nº109, do 8 de xuño de 2005).

Con data 14 de xullo de 2015 publícase no Diario Oficial de Galicia a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Dita lei dispón na súa disposición transitoria primeira referida á irretroactividade da norma, que as disposicións introducidas en dita lei aplicaranse aos procedementos de concentración parcelaria en curso sen retroceder nos trámites, adaptándose, de ser posible, á fase en que se encontren. No caso de non poder levar a cabo esta adaptación, dita lei aplicarase no inicio da fase seguinte.

En concreto, se atendemos ao artigo 60 da devandita lei de mellora da estrutura territorial de Galicia, menciónase que:

“e) En general, aquelas obras y mejoras que beneficien las condiciones agrarias y medioambientales de la zona o tengan por objetocorregir defectos en las infraestructuras agrarias.

3. Las obras a que se hace referencia en el apartado anterior se proyectarán y ejecutarán respetando las recomendaciones del documento ambiental de que se trate, en especial las relativas a los valores paisajísticos, medioambientales y del patrimonio cultural de las zonas. Asimismo, el trazado de la red viaria, en la medida de lo posible, se adaptará a la existente antes de iniciarse el proceso de reestructuración parcelaria, primando en todo caso el acondicionamiento y modificación parcial sobre la ejecución de nuevos trazados.”

Neste traballo contamos cunha extensa rede viaria xa existente, asfaltada e en bo estado de conservación, que será totalmente integrada dentro da rede viaria que servirá de base para a reestruturación parcelaria da parroquia de Fisteus. En concreto contamos con:

- 18,6 Km de rede estatal/provincial.
- 59,0 Km de estradas propias do Concello de Curtis.

Deste xeito, grazas a esta boa base existente, conséguese un aforro moi importante no gasto público que supón a creación da rede primaria de camiños dunha zona de reestruturación parcelaria.

2.2. ANTECEDENTES FÍSICOS

A zona de concentración obxecto de estudo comprende os terreos da parroquia de Fisteus, no municipio coruñés de Curtis, lindeiro coa provincia de Lugo. Desde o punto de vista físico, o Concello intégrase na Comarca natural de Betanzos, comprendendo terreos correspondentes á denominada Meseta Central Galega. Limita ao norte cos municipios de Oza dos Ríos e Aranga; cara ao leste con Guitiriz; ao sur, con Sobrado e Vilasantar; e polo oeste con Mesía e Cesuras. A autovía A-6 pasa moi próxima ao límite setentrional do Concello e, desde a mesma, parten as estradas C-554 e C-540, que o comunican cos núcleos de Santiago e A Coruña, dos que dista aproximadamente 50 km.

En conxunto, o termo municipal de Curtis ten 117 km² e está constituído por catro parroquias: Fisteus, Foxados, Santaia e Lourdes, as cales integran 142 entidades singulares de poboación e ao redor de 4.700 habitantes.

A parroquia de Sta María de Fisteus conta cunha superficie total de 4.075 Ha. destacando a presenza da liña de ferrocarril Ferrol-A Coruña-Madrid, que constitúe un límite físico dentro da zona de concentración, dividindo meridionalmente á parroquia en dous sectores.

Fisteus conta con case a metade (49%) da Superficie Agraria Útil de todo o concello de Curtis, o que representa aproximadamente unhas 2.215 Ha. Con todo, a constante perda de poboación na parroquia (que na actualidade supón tan só o 17% dos efectivos municipais) determinou que un 27% da SAU estea dedicada a matogueiras improdutivas, polo abandono das terras de labor. Por outra banda, case o 87% das parcelas contan cunha superficie inferior a 0,5 Ha; de modo que o fin primordial da concentración é a de establecer unha nova ordenación das explotacións con dimensións suficientes e estruturas adecuadas ás aptitudes agronómicas dos seus terreos. Ademais, tal como se indica nos estudo de viabilidade, o proceso de concentración na parroquia de Fisteus pretende tamén dous obxectivos concretos:

- A posta en cultivo das 778 Ha de matogueira para produción de cebada con destino á Planta de Bioetanol Galicia, S.A.
- O fomento de técnicas agrícolas en clara expansión e máis respectuosas co medio ambiente, como a agricultura ecolóxica.

Tal como se indica no correspondente estudo de viabilidade, o concello de Curtis remite, con data do 26 de febreiro de 2002, a petición avalada dos veciños de Fisteus solicitando a concentración parcelaria da parroquia. Dita petición inclúe as firmas de 107 titulares de explotacións que teñen a súa base territorial en Fisteus (o 69% do total), de 228 propietarios de terreos, así como 264 firmas de particulares e propietarios.

Por outra banda, nos resultados da enquisa realizada a varios sectores da poboación para a fase de diagnóstico da axenda 21 no municipio de Curtis, a gran maioría dos enquisados afirma que se debe realizar a concentración parcelaria no Concello, para así mellorar os rendementos das explotacións agrarias e gandeiras. Da sondaxe despréndese, ademais, certa preocupación por parte dos veciños acerca de como se debería levar a cabo o proceso, valorando negativamente as antigas concentracións noutros municipios, que supuxeron a eliminación de gran parte da vexetación autóctona e a consecuente desestruturación dos sistemas naturais.

En canto ao estado actual, a rede está formada, en xeral, por camiños antigos, frecuentemente moi estreitos, que aínda se poden ver nas zonas onde se atopan os futuros emprazamentos dos camiños obxecto do proxecto.

Nos novos emprazamentos dos camiños, non adoita existir rede de drenaxe nin lonxitudinal nin transversal, o que provocou a formación de gran cantidade de regos en época de choivas que fai do firme unha base moi irregular, con numerosas e continuas deformacións, así como cárcavas polas que se evacúa a auga, que dificultan e ata impiden o acceso de vehículos lixeiros polos mesmos.

Ademais diso, en gran parte dos camiños, a maleza impide o tránsito por cruzar de un lado a outro do mesmo, polo que en moitos casos o acceso ás parcelas efectúase directamente a través das contiguas, o que provoca moitos problemas en canto ao seu uso e/ou aproveitamento.

Cabe destacar que os novos viais creados para a rede primaria de camiños, baséanse na actual rede de camiños, que como xa se dixo máis arriba, non conta coas condicións necesarias de amplitude, para albergar o tráfico da maquinaria agrícola actual. Desta maneira aforraremos en movemento de terras, xa que se aproveitarán as rasantes actuais dos mesmos.

Da mesma maneira, os camiños que non discorran por trazados actuais, tratarán de provocar o menor movemento de terras posible, tanto para facilitar os accesos ás parcelas colindantes, como para que medioambientalmente o proxecto sexa compatible coas emisións de CO₂ á atmosfera e que respecte ao máximo os elementos ambientais (brañas, carballeiras, patrimonio, humedais) que se mencionarán ao longo do presente proxecto.

Finalmente, é moi importante mencionar o grande valor de integración social feita como paso previo e base para este proxecto, xa que se realizaron numerosas reunións no concello de Curtis, tanto cos directivos, coma cos veciños da parroquia; co fin de estudar todas as posibles alternativas de trazado e mobilidade e tratar de poñer de acordo, na medida do posible, a todas as partes.

Desta forma, obtívose unha rede uniformemente distribuída por toda a parroquia (contando coa rede de estradas existentes) que facilita a mobilidade veciñal, mellora as vías de acceso e de evacuación dos núcleos, beneficia os accesos a servizos públicos e instalacións... etc.

3. ORDE DE REDACCIÓN DO PROXECTO

Redáctase o *“Proxecto de Camiños Principais da Zona de Reestruturación Parcelaria de Fisteus (Curtis - A Coruña)”* por orde da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

4. XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN

As necesidades a satisfacer pola rede de camiños proxectada son as seguintes:

- **Necesidades sociais**
 - a) Comunicar os lugares entre si, e coas parroquias veciñas, con viais máis curtos e rápidos (*potenciando o intercambio de iniciativas*) e mellorar os seus accesos.
 - b) Dotar á zona dunhas vías de comunicación que faciliten o desenvolvemento socioeconómico da mesma.
- **Necesidades económicas**
 - a) Comunicación cos centros de produción, comerciais e administrativos.
 - b) Dotar de adecuado servizo ás leiras de reemprazo en beneficio da súa rendibilidade.
- **Vertebración da zona de reestruturación parcelaria**

Coas actuacións obxecto do presente proxecto iniciaríase, de xeito óptimo e sostible:

- a) Unha vertebración total da zona a nivel social, económico e estrutural.
- b) Un acceso directo ás fincas de reemprazo da zona.
- c) Adecuación de toda a rede de camiños (*actuais e futuros*), e indirectamente das estradas da zona, ao nivel de seguridade vial esixido para este tipo de infraestruturas e segundo o nivel de tráfico que soportan na actualidade.

Segundo o disposto no **artigo 2 da lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia**, unha das finalidades da concentración é a de establecer unha rede viaria á que teñan acceso directo todas as fincas de reemprazo.

Con este fin, xunto co de mellorar a comunicación entre os lugares das parroquias e as paraxes onde se sitúan agras e montes obxecto de reestruturación, redáctase o presente proxecto como parte do Plan de Obras e Melloras Territoriais, tendente a mellorar as condicións para a explotación dos recursos agrícolas, gandeiros e forestais da zona.

5. DESCRICIÓN DAS OBRAS PROXECTADAS

5.1. EMPRAZAMENTO

A obra descrita emprázase na parroquia Santa María de Fisteus, pertencente ao Concello de Curtis partido Xudicial de Betanzos, e atópase situada ao leste da provincia da Coruña, tal e como se pode comprobar no Plano 1, de *situación e localización*, axunto ao documento de PLANOS do presente proxecto.

5.2. TIPOLOXÍAS DE CAMIÑOS PREVISTAS

As obras previstas no “**Proxecto de Camiños Principais da Zona de Reestruturación Parcelaria de Fisteus (Curtis - A Coruña)**” definen unha rede de **setenta (70) camiños**, cunha lonxitude total de **55.224,78 metros (55,23 Km.)**. A súa tipoloxía descríbese a continuación:

A rede de camiños proxectada está formada por **sesenta (60) camiños de nova apertura**, cunha lonxitude total de **43.500,86 metros** lineais. A maioría deles usan trazados de camiños antigos, pero ningunha desas trazas compre en canto á estabilidade de firmes nin dimensións, polo que todos estes serán reformados completamente para adaptarse ás necesidades deste proxecto. Destacar que en seis destes camiños, aproveitaranse algúns tramos que si cumpren coas necesidades da rede primaria, mellorando o seu firme a ampliándoos nas direccións correspondentes.

Tamén se fará un acondicionamento dun total de **dez (10) camiños**, cunha lonxitude total de **11.723,92 metros** lineais, onde se levarán a cabo acondicionamentos de firmes principalmente, sen novas aperturas.

5.3. CARACTERÍSTICAS DE DESEÑO DA REDE DE CAMIÑOS

5.3.1. Características xerais

Segundo o calculado no Anexo Nº 1, de *parámetros de deseño* do proxecto estimouse que a intensidade media diaria (I.M.D.) é inferior a 45 vehículos/día. En función deste parámetro cifrouse en 50 Km/h a velocidade base do proxecto, aínda que se poden esperar velocidades inferiores nos camiños forestais, chegando incluso aos 30 Km/h. A partir da velocidade base do proxecto establecéronse os parámetros xeométricos que definen os acordos horizontais do eixe e os acordos verticais da rasante.

O terraplenado, segundo as necesidades contempladas, farase con terras tolerables propias procedentes dos desmontes doutros camiños e/ou con terras de préstamo procedentes de canteira.

5.3.2. Características dimensionais

A partir da velocidade base do proxecto e da estruturación xerárquica dos camiños, establecéronse as características dimensionais fundamentais dos camiños proxectados. Ditas características están dentro das recomendacións establecidas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. Respecto da profundidade mínima de cunetas adoptada, sinalar que por definición é a distancia medida entre a cota máxima do terreo natural e o fondo da mesma. A continuación descríbense as seccións tipo adoptadas:

SECCIÓN TIPO I	
Plataforma	5,00 m.
Firme Saburra en Carrís	5,00 m.
Profundidade Saburra	0,12 m.
Material de préstamo	5,25 m.
Profundidade Subbase	0,20 m.
Bombeo	2,00 %
Profundidade Gabias	0,50 m.
Ancho das Gabias	1,00 m.

SECCIÓN TIPO II	
Plataforma	4,00 m.
Firme Saburra en Carrís	4,00 m.
Profundidade Saburra	0,12 m.
Material de préstamo	4,25 m.
Profundidade Subbase	0,20 m.
Bombeo	2,00 %
Profundidade Gabias	0,50 m.
Ancho das Gabias	1,00 m.

SECCIÓN TIPO III (Camiños de Mellora de Pavimento)	
Plataforma	4,00 – 5,00 m. (Variables)
Firme Saburra en Carrís	4,00 – 5,00 m. (Variables)
Profundidade Saburra	0,12 m.
Bombeo ou Pte. Transversal	2,00 %
Profundidade Gabias	Limpar Existentes
Ancho das Gabias	Limpar Existentes

Indicar coma norma xeral respecto a seccións tipo descritas que:

- A capa de firme proxectada posuirá, unha vez rematada, unha compactación do 100% do Ensaio Proctor Normal ou do 96% do Ensaio Proctor Modificado.
- As medidas de gabias sinaladas establécense dende a sub-rasante da plataforma.
- Tal e como se determina no Anexo de Movemento de terras e firme, adoptaranse as seguintes pendentes nos noiros da explanación correspondentes a terreos de consistencia franca

	Sección Tipo de Firme		
Desmonte	1H : 1V	2H : 3V	1H : 4V
Terraplén	3H : 2V	3H : 2V	3H : 2V

A variación dos noiros da Sección Tipo de Firme en canto ás súas pendentes, está asociada a: camiños que circulan a media ladeira ou con pouca pendente transversal; zonas forestais, zonas rochosas ou praderías, nas cales poden aflorar as terras de tránsito a moi pouca profundidade outorgando ao conxunto, pola súa natureza, unha considerable estabilidade, o que permite empregar unha maior pendente neste tipo de noiro.

5.3.3. Identificación e cuantificación da rede de camiños proxectada

5.3.3.1. Identificación e cuantificación dos camiños

A continuación achégase unha táboa resumo cos datos significativos de cada camiño proxectado. Os datos que contén a táboa son, por orde numérica, a denominación do camiño, a súa tipoloxía construtiva, orixe e final deste, a lonxitude do camiño, sección tipo adoptada, ancho de plataforma e capa de rodada.

Nome	Lonx. Eixo	PK Inicial	PK Final	Ancho Plataforma	Sección Tipo	Orixe	Fin	Tipoloxía
C1	2160.260	0+000.00	2+160.26	4	II	Estrada Asfaltada	Parcela	Nova Apertura
C2	393.498	0+000.00	0+393.50	4	II	Estrada Asfaltada	Camiño Terra	Nova Apertura
C3	546.731	0+000.00	0+546.73	4	II	Camiño Saburra	Parcela	Nova Apertura
C4	468.192	0+000.00	0+468.19	4	II	Camiño C3	Camiño C1	Nova Apertura
C5	512.723	0+000.00	0+512.72	4	II	Estrada Aglomer.	Camiño C1	Nova Apertura
C6	276.040	0+000.00	0+276.04	4	II	Estrada Asfaltada	Parcela	Nova Apertura
C7	834.152	0+000.00	0+834.15	5	I	Estrada Asfaltada	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C8	1050.342	0+000.00	1+050.34	5	I	Estrada Asfaltada	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C9	145.484	0+000.00	0+145.48	5	I	Estrada Asfaltada	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C10	265.724	0+000.00	0+265.72	5	I	Estrada Asfaltada	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C11	741.178	0+000.00	0+741.18	4	II	Estrada Asfaltada	Camiño C12	Nova Apertura
C12	2466.030	0+000.00	2+466.03	4 - 5	I e III	Camiño Saburra	Ponte	Mixto
C13	2117.990	0+000.00	2+117.99	4	II	Estrada Asfaltada	Camiño C12	Nova Apertura
C14	473.450	0+000.00	0+473.45	4	II	Camiño C12	Camiño C13	Nova Apertura
C15	700.060	0+000.00	0+700.06	4	II	Camiño C18	Camiño C17	Nova Apertura
C16	1030.920	0+000.00	1+030.92	4 - 5	I e III	Camiño C18	Camiño C22	Mixto
C17	1906.220	0+000.00	1+906.22	4	II	Camiño C12	Camiño C22	Nova Apertura
C18	1266.110	0+000.00	1+266.11	4 - 5	I e III	Estrada Asfaltada	Camiño C12	Mixto
C19	1459.740	0+000.00	1+459.74	5	I	Estrada Asfaltada	Camiño C18	Nova Apertura
C20	508.510	0+000.00	0+508.51	5	I	Camiño C18	Camiño C19	Nova Apertura
C21	661.390	0+000.00	0+661.39	5	I	Camiño C22	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C22	1041.290	0+000.00	1+041.29	3.5 - 4	III	Estrada Asfaltada	Camiño Saburra	Mellora
C23	1167.270	0+000.00	1+167.27	5	I	Camiño C25	Camiño Saburra	Nova Apertura
C24	617.450	0+000.00	0+617.45	5	I	Estrada Aglomer.	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C25	791.360	0+000.00	0+791.36	4	III	Camiño Saburra	Camiño Saburra	Mellora
C26	408.640	0+000.00	0+408.64	5	I	Estrada Asfaltada	Camiño C24	Nova Apertura
C27	314.600	0+000.00	0+314.60	5	I	Estrada Asfaltada	Camiño C28	Nova Apertura
C28	566.850	0+000.00	0+566.85	4	III	Estrada Aglomer.	Estrada Asfaltada	Mellora
C29	877.680	0+000.00	0+877.68	4	III	Camiño Saburra	Camiño Saburra	Mellora
C30	793.450	0+000.00	0+793.45	5	I	Estrada Asfaltada	Camiño Terra	Nova Apertura
C31	648.750	0+000.00	0+648.75	5	I	Estrada Asfaltada	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C32	764.330	0+000.00	0+764.33	5	I	Camiño Terra	Camiño C30	Nova Apertura
C33	892.680	0+000.00	0+892.68	5	I	Estrada Aglomer.	Camiño C34	Nova Apertura
C34	1303.070	0+000.00	1+303.07	4	III	Estrada Asfaltada	Estrada Asfaltada	Mellora
C35	640.070	0+000.00	0+640.07	5	I	Estrada Aglomer.	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C36	804.250	0+000.00	0+804.25	5	I	Estrada Asfaltada	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C37	585.869	0+000.00	0+585.87	5	I	Estrada Asfaltada	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C38	339.260	0+000.00	0+339.26	5	I	Estrada Asfaltada	Parcela	Nova Apertura
C39	942.380	0+000.00	0+942.38	5	I	Estrada Asfaltada	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C40	1231.900	0+000.00	1+231.90	5	I	Estrada Asfaltada	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C41	2389.290	0+000.00	2+389.29	3.5	III	Estrada Asfaltada	Camiño Saburra	Mellora
C42	337.840	0+000.00	0+337.84	5	I	Estrada Asfaltada	Camiño C41	Nova Apertura

Nome	Lonx. Eixo	PK Inicial	PK Final	Ancho Plataforma	Sección Tipo	Orixe	Fin	Tipoloxía
C43	727.970	0+000.00	0+727.97	5	I	Estrada Aglomer.	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C44	211.450	0+000.00	0+211.45	5	I e III	Ponte Asfaltada	Camiño C41	Mixto
C45	767.190	0+000.00	0+767.19	5	I	Pista Asfaltada	Camiño C41	Nova Apertura
C46	821.920	0+000.00	0+821.92	5	I	Estrada Aglomer.	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C47	1042.680	0+000.00	1+042.68	5	I	Estrada Asfaltada	Estrada Asfaltada	Mixto
C48	177.025	0+000.00	0+177.03	3.5	III	Estrada Asfaltada	Camiño C12	Mellora
C49	1170.400	0+000.00	1+170.40	5	I	Estrada Asfaltada	Camiño Terra	Nova Apertura
C50	1378.550	0+000.00	1+378.55	3.5 - 5	I e III	Estrada Asfaltada	Núcleo Excluído	Mixto
C51	2089.920	0+000.00	2+089.92	5	I	Estrada Asfaltada	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C52	75.430	0+000.00	0+075.43	5	I	Camiño Terra	Camiño C53 - C51	Nova Apertura
C53	445.230	0+000.00	0+445.23	5	I	Camiño C52 - C51	Camiño Saburra	Nova Apertura
C54	583.420	0+000.00	0+583.42	5	I	Estrada Asfaltada	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C55	644.910	0+000.00	0+644.91	5	I	Estrada Asfaltada	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C56	857.300	0+000.00	0+857.30	5	I	Estrada Aglomer.	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C57	463.940	0+000.00	0+463.94	5	I	Estrada Asfaltada	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C58	280.330	0+000.00	0+280.33	5	I	Camiño C51	Camiño Terra	Nova Apertura
C59	272.960	0+000.00	0+272.96	5	I	Estrada Asfaltada	Camiño C60 - C51	Nova Apertura
C60	63.380	0+000.00	0+063.38	5	I	Camiño C59 - C51	Núcleo Excluído	Nova Apertura
C61	609.130	0+000.00	0+609.13	5	I	Camiño Terra	Camiño C62	Nova Apertura
C62	1484.200	0+000.00	1+484.20	5	I	Estrada Asfaltada	Camiño C65	Nova Apertura
C63	566.390	0+000.00	0+566.39	5	I	Estrada Asfaltada	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C65	173.540	0+000.00	0+173.54	5	I	Camiño Terra	Camiño Terra	Nova Apertura
C66	600.650	0+000.00	0+600.65	5	I	Estrada Asfaltada	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C67	584.900	0+000.00	0+584.90	5	I	Estrada Asfaltada	Camiño C68	Nova Apertura
C68	843.730	0+000.00	0+843.73	5	I	Estrada Asfaltada	Estrada Asfaltada	Nova Apertura
C69	365.480	0+000.00	0+365.48	3.5	III	Estrada Asfaltada	Estrada Asfaltada	Mellora
C70	331.990	0+000.00	0+331.99	3.5	III	Estrada Asfaltada	Entrada a vivenda	Mellora
C74	147.741	0+000.00	0+147.74	3.5	III	Estrada Asfaltada	Camiño Terra	Mellora
TOTALES	55224.779							
Unidades	m			m				

Total Nova Apertura =	43.500,86 m.
Total Mellora =	11.723,92 m.
Total Lonxitude =	55.224,78 m.
	55,23 Km

5.3.3.2. Resumo final da rede de camiños proxectada

A continuación móstrase un cadro resumo da rede de camiños proxectada para a zona de reestruturación parcelaria de Fisteus, concello de Curtis, provincia de A Coruña, segundo tipoloxía dos camiños deseñados:

	Lonxitude		Número de camiños
	En metros	En kilómetros	
Camiños de NOVA APERTURA (N)	43.500,86	43,50	60
Camiños de MELLORA (M)	11.723,92	11,72	10
PARÁMETROS FINAIS DA REDE DE CAMIÑOS =	55.224,78	55,23	70

5.3.3.3. Reposición de traídas de auga

Dentro da parroquia de Fisteus, atópanse múltiples canos que transportan as diferentes traídas de auga dos núcleos de poboación. Durante as obras de execución dos camiños podería producirse algunha rotura ou esmagamento destes, polo que no caso de que se produzan, existe unha partida dentro dos servizos afectados para telo en conta en caso de incidente.

As medicións están feitas para cada un dos camiños que posúen canalizacións rexistradas, dentro do orzamento do proxecto.

5.3.4. Resumo da obra proxectada

Móstrase a continuación a relación resumida de unidades de obra a executar de cada unha das actuacións proxectadas, que se detallan perfectamente no apartado tanto de medicións por capítulos coma de orzamento por capítulos do DOCUMENTO Nº 3: ORZAMENTO, axunto ao presente proxecto.

1. MOVEMENTO DE TERRAS		
N.º Orde	Medición	Descrición das unidades de obra
01.01	182,893.56m ²	Desbroce e limpeza
01.02	103,356.10m ³	Retirada de terra vexetal
01.03	43,670.90 m ³	Escavaciónnon clasificada en desmorte
01.04	42,699.56m ³	Formación de terraplén
01.05	1,170.00 m ³	Saneo da explanada e recheo con pedraplén
01.06	172,971.60 m ²	Perfilado, refino e compactado

2. OBRAS DE FÁBRICA		
N.º Orde	Medición	Descrición das unidades de obra
02.01	600m	Tubo HA ø40 cm
02.02	560 m	Tubo HA ø60 cm
02.03	16 m	Tubo HA ø120 cm
02.04	32 m	Tubo HA ø140 cm
02.05	8 m	Tubo HA ø160 cm
02.06	60 ud	Arqueta para OD ø40 cm
02.07	100ud	Embocadura para aletas OD ø40 cm
02.08	160 ud	Embocadura para aletas OD ø60 cm

2. OBRAS DE FÁBRICA		
N.º Orde	Medición	Descrición das unidades de obra
02.09	4ud	Embocadura para aletas OD ϕ 120 cm

3. AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN		
N.º Orde	Medición	Descrición das unidades de obra
03.01	46,955.03 m ³	Explanada de mellora con material seleccionado
03.02	32,894.73 m ³	Base saburra artificial
03.03	1,432,20m ³	Base de firme macadam
03.04	13.020,00 m ²	Triple rega asfáltica ECR-2

4. SINALIZACIÓN E OUTROS		
N.º Orde	Medición	Descrición das unidades de obra
04.01	4 ud	Sinal informativa refl EG 60x60cm
04.02	80 ud	Señal octogonal de Stop 60 cm

5. ESTRUTURAS		
N.º Orde	Medición	Descrición das unidades de obra
05.01.01	422,5 m ³	Escavación en pozos e cementos
05.01.02	18m	Marco Prefabricado HA 2x2 m
05.01.03	15m	Marco Prefabricado HA 2.5x2 m
05.01.04	21m	Marco Prefabricado HA 3x2 m
05.01.05	8m	Marco Prefabricado HA 4x2.5 m
05.01.06	7m	Marco Prefabricado HA 4x3 m
05.01.07	1 PA	Desvíos, dragados e esgotamentos

6. CARTEL DE OBRA, SERVIZOS AFECTADOS E IMPREVISTOS		
N.º Orde	Medición	Descrición das unidades de obra
06.01	2ud	Cartel sinalización de obras
06.02	425 m	Tubería PE diámetro medio
06.03	1 PA	A xustificar en imprevistos

7. XESTIÓN DE RESIDUOS		
N.º Orde	Medición	Descrición das unidades de obra
07.01	7,5 m ³	Xestión en centro autorizado de residuos de formigón
07.02	4 m ³	Xestión en centro autorizado de residuos de plástico
07.03	4 m ³	Xestión en centro autorizado de residuos de madeira
07.04	16,5 m ³	Xestión en centro autorizado de residuos misturados construción
07.05	18 mes	Aluguer mensual de contedor RCD 6 m ³
07.06	8 ud	Servicio de entrega e recollida de contenedor de escombros 20 km

8. SEGURIDADE E SAÚDE		
N.º Orde	Medición	Descrición das unidades de obra
SEPC.07	1000 m	Banda sinalización bicolor plástico 8
SEPC.08	8 ud	Cartel indicativo plástico 45x30
SEPC.09	30 ud	Cono sinalización vial 50 reflamtz 5
SEPC.10	6 ud	Panel reflectante zona excluída ao tráfico 80x20cm 5 usos
SEPC.11	6 ud	Sinal reflectante triangular de perigo 70mm sobre cabaleta 5usos
SEPIO.01	7 ud	Botas de seguridade Categoría S2
SEPIO.02	7 ud	Roupa de traballo, chaqueta e pantalón 100% algodón
SEPIO.03	7 ud	Casco seguridade obra
SEPIO.04	7 ud	Peto reflectante 3 usos
SEPIO.05	7 ud	Chaqueta impl c/capucha
SEPIO.06	7 ud	Pantalón impermeable
SEPIO.07	7 ud	Lentes anti impactos e salpicaduras, de propionato
SEPIO.08	7 ud	Cinto seguridade reforzado
SEPIO.09	7 ud	Protector auditivo con acolchado
SEPIO.11	7 ud	Par botas impl 30cm ng
SEPIO.12	7 ud	Par luvas coiro/téxtil super
SEE.01	18 mes	Alugamento mensual caseta obra 6 m2 c/aillamento
SEE.03	18 mes	Alugamento mensual caseta sanitaria 6 m2 c/ailla e quent el
SEE.06	1 ud	Caixa de urxencias
SEE.07	7 ud	Taquilla metálica individual
SEE.08	1 ud	Banco de madeira para 5 persoas
SEE.10	4 ud	Reposición de caixa de urxencias
SEE.11	7 ud	Percha para aseos e duchas
SEE.12	1 ud	Dispensador de papel hixiénico
SEE.13	1 ud	Toalleiro anel

9. MEDIDAS CORRETORAS E DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA		
N.º Orde	Medición	Descrición das unidades de obra
09.01	1730m ²	Estendido terra vexetal en noiros
09.02	200 m ²	Laboreomecan motocultor
09.03	1050 m ³	Estendido terra vexetal
09.04	20 ud	Alnus glutinosa
09.05	5 ud	Betula Alba
09.06	5 ud	Quercusrobur
09.07	100 ud	SalixCinerea
09.08	20 ud	FrangulaAlnus
09.09	292m ³	Escollera grantiosprotección ODT
09.10	118m	Barreira mixta de madeira ODT
09.11	56ud	Barreira mixta de madeira
09.12	1800 m	Geotextil fibra propileno

10. SEGUIMIENTO E CONTROL ARQUEOLÓXICO		
N.º Orde	Medición	Descrición das unidades de obra
10.01	1 ud	Seguimento e control Arqueolóxico

5.4. CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS DA REDE DE CAMIÑOS

5.4.1. Camiños e treitos de camiños de Nova Apertura (n) e de Mellora (m)

5.4.1.1. Movemento de Terras

A construción dos novos camiños previstos comezarase mediante actuacións combinadas de roza, desmonte e terraplén que completarán o movemento de terras previsto para estes, definindo, ao remate, a súa plataforma.

Ademais da extracción da terra vexetal e da preparación do desmonte e do terraplén, deberemos ter en conta a posible aparición de traídas de auga e de posibles roturas dos tramos existentes. Este dato está contemplado no orzamento do proxecto, tendo en conta todos os camiños afectados.

No caso dos camiños de mellora, soamente se realizará a limpeza da terra vexetal e a adecuación do firme existente, que será maior ou menor en función do estado do camiño.

5.4.1.2. Firmes

A continuación, sobre o plano de fundación creado construírse a sección tipo, segundo as características técnicas asignadas ao camiño a executar, mediante a extensión dunha capa de

material seleccionado, de vinte centímetros de espesor debidamente rasanteado e compactado, e dunha capa saburra (ZA-25), de doce centímetros de espesor, perfectamente rasanteada e compactada ao 95% do Ensaio Próctor Modificado, a cal definirá a capa de rodada dos camiños.

As dimensións construtivas da plataforma proxectada (gabias máis capa de rodada) para os novos camiños son, segundo nos indica a sección tipo de firme asociada, de cinco ou catro metros de plataforma e de un metro de gabia (0,5m a cada lado do eixe da mesma).

De novo debemos diferenciar os camiños de mellora, destacando que o que se vai facer neses casos será estender a saburra, compactala debidamente e sen abrir gabias salvo nos casos nos que estas estean moi estragadas ou non existan e sexan necesarias.

5.4.1.3. Obras de Fábrica

As actuacións descritas complétanse cun correcto sistema de drenaxe tanto lonxitudinal (aperturas de gabias) coma transversal (canos e marcos de formigón e as súas correspondentes arquetas e/ou embocaduras).

Nome	Camiño	Coord X (ODT)	Coord Y (ODT)	Tipoloxía Tubos Formigón: T=100 anos Marcos Formigón: T=500 anos	Caudal aportado (T=100)	Caudal aportado (T=500)	Caudal soportado (Qd)
CO1:C1	C1	570475.586	4777701.557	Tubo Formigón D=1600 mm.	2.751	4.046	3.149
CO2:C8	C8	572003.534	4777058.549	Tubo Formigón D=1400 mm.	2.290	3.490	2.305
CO3:C20	C20	573065.845	4777370.498	Tubo Formigón D=1400 mm.	1.509	2.299	2.755
CO5:C16	C16	573760.007	4777416.575	Marco de 2x2	4.108	6.018	6.952
CO6:C30	C30	574105.197	4776483.267	Marco de 2x2	5.030	7.392	7.627
